



VIKTOR UND VIKTORIA

Alemaña | 1933 | 100 min

DIRECTOR Reinhold Schünzel

GUIÓN Reinhold Schünzel

MÚSICA Franz Doelle

FOTOGRAFÍA Konstantin Irmen-Tschet

INTÉRPRETES Renate Müller, Hermann Thimig, Hilde Hildebrand, Friedel Pisetta, Fritz Odemar, Aribert Wäscher, Anton Walbrook, Ernst Behmer, Georg Georgi, Goroll, Karl Harbacher, Trude Lehmann, Henrio Lorenzen, Herbert Paulmüller, Rudolf Platte

SINOPSE Suzane é unha cantante de cabaré frustrada porque non logra que a súa carreira arranque, no medio dunha Alemaña sumida nunha profunda crise. A súa sorte cambiará cando se faga pasar por un home que se disfraza de muller.

O cine avanzaba a pasos de xigante nos primeiros anos do sonoro. O tránsito fora traumático, pero duraría pouco. Abonda comparar as coreografías teatrais, forzosamente estáticas, de *The Broadway Melody* (1929) de Harry Beaumont, considerada mellor película pola Academia de Hollywood, coas figuras tan delirantes como harmoniosas de Busby Berkeley.

Axiña volverían estourar as imaxes e a cámara podería moverse a gusto en complexos planos secuencia. Non obstante, no célebre filme de Reinhold Schünzel, *Viktor und Viktoria* (1933), a cámara só baila cando a música cesa. O cineasta alemán reserva ese brío exclusivamente para as secuencias non musicais, aplicando nas demais unha montaxe de planos que rompe o estatismo e respecta, asemade, a continuidade musical.

Na primeira secuencia do filme, unha cámara indiscreta atravesara sen chamar a porta dun centro de contratación teatral. O cine introdúcese maxestosamente nas marxes do teatro e automaticamente todo queda en evidencia: a súa escaseza de risco e inventiva, as súas formas caducas, os seus pobres *actorciños* de interpretacións histriónicas, as paredes feridas por ese latexo tráxico e arrebatado doutro século. Todo isto ridiculizado baixo a lente do novo medio, en perpetuo avance e reinvenção.

Sensiblemente máis breve ca o célebre filme de Blake Edwards, esta primeira versión distínguese pola economía de planos. Empurrado por unha porta ao saír da proba, a Viktor cáenlle un conxunto de fotos dos seus personaxes, unha man recólleas, é Susanne. Median catro frases e póñense a cantar. En breves segundos, entramos nos dominios do delirio, na nula necesidade das explicacións. Será unha das fotografías, unha imaxe travestida de Viktor, o detonante de toda a historia. Corte brusco, e Susan reaparece con



pantalóns, ensaiando esa proposta de Viktor cuxa explicación nos negaron. O efecto perseguido é moi semellante ao que experimentará o público no escenario, cando Susan, ao final de cada actuación, quite a perruca.

A principios dos anos trinta, non se descubrira a dobraxe e imperaban as dobres versións, equipos que rodaban noutro idioma, en diferente horario. En España nunca se estrearía *Viktor und Viktoria*, senón a versión francesa subtitulada, a cargo de Roger Le Bon: *Georges et Georgette* co título *Él... es ella*.

O seu director, Reinhold Schünzel, foi un dos cineastas alemáns de orixe xudía que cometeron o erro de se acoller á posibilidade de ser considerados "arios de honor", unha distinción que o partido nazi reservaba para as persoas célebres. O engano derivou en fuxida e, máis adiante, en Hollywood, marcado como todo artista que quixo pactar cos nazis, traballaría como actor. Foi, por exemplo, un dos aliados do maligno Claude Rains de *Notorious* (1946), unha das obras mestras de Hitchcock.

SINOPSIS Suzane es una cantante de cabaré frustrada porque no logra que su carrera arranque, en medio de una Alemania sumida en una profunda crisis. Su suerte cambiará cuando se haga pasar por un hombre que se disfraza de mujer.

El cine avanzaba a pasos agigantados en los primeros años del sonoro. El tránsito había sido traumático, pero duraría poco. Basta comparar las coreografías teatrales, forzosamente estáticas, de *The Broadway Melody* (1929) de Harry Beaumont, considerada mejor película por la Academia de Hollywood, con las figuras tan delirantes como armoniosas de Busby Berkeley.

Las imágenes volverían muy pronto a estallar y la cámara podría moverse a gusto en complejos planos secuencia. No obstante, en el célebre film de Reinhold Schünzel, *Viktor und Viktoria* (1933), la cámara solo baila cuando la música cesa. El cineasta alemán reserva ese brío exclusivamente para las secuencias no musicales, aplicando en las demás un montaje de planos que rompe el estatismo y respeta al mismo tiempo la continuidad musical.

En la primera secuencia del film, una cámara indiscreta atraviesa sin llamar la puerta de un centro de contratación teatral. El cine se cuela majestuosamente en los márgenes del teatro y automáticamente todo queda en evidencia: su escasez de riesgo e inventiva, sus formas caducas, sus pobres *actorcillos* de interpretaciones histriónicas, las paredes heridas por ese pálpito trágico y desmelenado de otro siglo. Todo ello ridiculizado bajo la lente del nuevo medio, en perpetuo avance y reinención.



Sensiblemente más breve que el célebre film de Blake Edwards, esta primera versión se distingue por la economía de planos. Empujado por una puerta al salir de la prueba, a Viktor se le caen un conjunto de fotos de sus personajes, una mano las recoge, es Susanne. Median cuatro frases y se ponen a cantar. En breves segundos, entramos en los dominios del delirio, en la nula necesidad de las explicaciones. Será una de las fotografías, una imagen travestida de Viktor, el detonante de toda la historia. Corte brusco, y Susan reaparece con pantalones, ensayando esa propuesta de Viktor cuya explicación nos han negado. El efecto perseguido es muy similar al que experimentará el público en el escenario, cuando Susan, al final de cada actuación, se quite la peluca.

A principios de los treinta, no se había descubierto el doblaje e imperaban las dobles versiones, equipos que rodaban en otro idioma, en diferente horario. En España nunca se estrenaría *Viktor und Viktoria*, sino la versión francesa subtitulada, a cargo de Roger Le Bon: *Georges et Georgette* con el título *Él... es ella*. Su director, Reinhold Schünzel, fue uno de los cineastas alemanes de origen judío que cometieron el error de acogerse a la posibilidad de ser considerados "ario de honor", una distinción que el partido nazi reservaba a las personas célebres. El engaño derivó en huida y, más adelante, en Hollywood, marcado como todo artista que quiso pactar con los nazis, trabajaría como actor. Fue, por ejemplo, uno de los aliados del maligno Claude Rains de *Notorious* (1946), una de las obras maestras de Hitchcock.

Daniel Gascó